



O libro da vida. Materiais para a celebración e acompañamento da vida na morte

Manuel Regal Ledo e Xosé Antón Miguélez Díaz, Editorial SEPT. 2020



Teño a impresión de que un dos problemas pastorais destes 50 anos posconciliares vén dado polo desaxuste, o desfase entre as «conquistas» da reflexión teolóxica e a súa «non recepción» na linguaxe litúrxica, na linguaxe da celebración da Fe.

A mellor reflexión teolóxica posconciliar converteuse moitas veces en boa nova anunciando a gratuidade da salvación cristiá, o feito de sermos persoas amadas incondicionalmente non por ningún mérito senón por puro amor, por pura graza; o cristianismo como experiencia liberadora e non coma un conxunto de normas a cumprir e doutrinas a saber. O rostro de Deus da mellor reflexión teolóxica posconciliar é un rostro amigable, liberador, materno... Polo tanto, a experiencia crente aparece como unha experiencia que enche

de humanidade a quen a leva a cabo, que xera persoas que se coidan e que coidan os demais, sobre todo os colectivos máis fráxiles, coidan a natureza e coidan o seu trato, a súa relación con Deus.

Onde está o problema ao meu ver? En que toda esa reflexión tan ricaz e xeitosa, tan evanxélica non está a ter consecuencias litúrxicas; é dicir, moitas comunidades cristiás seguen, seguimos a celebrar a nosa fe con categorías preconciliares. O rostro de Deus da linguaxe celebrativa adoita ser un rostro severo, que xulga no canto de amar, que esixe presentación de méritos para acceder ao seu cariño e misericordia. Ademais, a reflexión teolóxica a través da categoría Reino-Reinado de Deus «aterrou» neste noso Mundo, é dicir, acentúa que a tarefa principal da comunidade